



RESUMO DAS XUNTANZAS DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADAS O MÉRCORES DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2015 E O MÉRCORES DÍA 27 DE XANEIRO DE 2016 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

XUNTANZA DO 16 DE DECEMBRO DE 2015

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, CSIF, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial, o Xefe do Servizo Xurídico e o Secretario.

Comeza a xuntanza ás 10.15 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 21 de outubro e 25 de novembro

Logo de facer algúns matices por parte de ANPE ao texto provisorio da acta de 21 de outubro, CIG advirte que ten tamén algunhas correccións a facer en ambas actas, polo que se adía a aprobación das mesmas.

2. Asuntos pendentes das xuntanzas anteriores.

2.1. Orde de avaliación e programación. Modelo de programacións

Coméntaselle ao XT que quedou de enviar a todas as OO.SS. o enlace ao modelo de programación de Primaria do web da Consellaría, porque non está nada doado de atopar. O XT descúlpase polo esquecemento e promete facer o envío dese enlace de inmediato.

Pregúntaselle sobre previsión de publicación da Orde de avaliación de Primaria LOMCE e resposta que non ten noticia de cando pode saír.

2.2. CIFP A Xunqueira. Protesta por horarios non legais.

CC.OO. presenta escrito de denuncia por este tema. O XT contesta que a Inspección está elaborando o correspondente informe e que cando o teña no seu poder dará explicacións ao sindicato reclamante e á propia XdePersoal.

2.3. CEIP Marcos da Portela. Zonificación.

CIG pregunta de novo por esta cuestión e indica a existencia dun escrito do centro “Marcos da Portela” sobre a problemática das paradas de autobuses do seu alumnado. O XT responde que está celebrando xuntanzas cos directores dos colexios afectados, que son tres, pero remite en último caso a solución definitiva para o novo proxecto de zonificación escolar de Pontevedra que se está elaborando.

CIG pregunta por ese novo proxecto de zonificación. O XT responde que é moi necesario facelo, porque só neste curso quedaron nada máis e nada menos que 274 prazas vacantes en Educación Infantil, o que fai prever, pola evolución da natalidade, unha acusada perda de unidades en vindeiros cursos en todos os colexios de Primaria.

STEG reclama que se faga pública canto antes esa proposta de nova zonificación que baralla a Administración, que se informe dela aos centros e ás respectivas comunidade escolares para que poidan alegar e participar no proceso de consenso. O XT responde que só está obrigado por lei a darlle copia aos consellos escolares municipais e ás direccións dos centros afectados, mais que non ten inconveniente en darlle á Xunta de Persoal copia da proposta unha vez que lla entregue previamente a eses organismos antecitados.

2.4. Accidentes in itinere

CSIF pregunta polo protocolo que afecta aos accidentes “in itinere” e solicita que haxa unha circular aclaratoria ás direccións dos centros por parte da Consellaría sobre como se tramitan. Prodúcese confusións e malentendidos con Mugatra, Muface e a Seguridade Social. O XT contesta que iso non é do seu ámbito de competencias. Pídeselle en todo caso que eleve a pregunta onde corresponda.

2.5. Mal funcionamento listas de substitucións

CSIF denuncia presuntos casos de mal funcionamento das listas de substitucións. O XT resposta que iso é competencia de Santiago (Canosa) e que as persoas afectadas, de existiren, deberían presentar de inmediato reclamación.

2.6. Substitución no IES Carlos Oroza

CIG denuncia que se lle fixo nomeamento de substituta e non de interina a unha profesora do IES Carlos Oroza, cando a praza que cobre está dentro do cupo e é por todo o curso. Solicítase

que se revise o caso e se modifique o nomeamento. O XT promete comentar o tema con Canosa a ver se pode solucionarse.

3. Previsión sobre CXT

STEG pregunta se hai previsión para a convocatoria do CXT. O XT non pode adiantar datas, pero en todo caso as inspeccións están facendo reconto de vacantes.

4. Criterio da Consellería sobre profesorado suprimido ¿Gastou un ano dos 6 ao que ten dereito no anterior CXT?

STEG pregunta por este aspecto e o Xefe Territorial indica que non pode respostalo a ciencia certa hoxe. Promete resposta en vindeira xuntanza.

5. Erasmus FP. Por que hai diferenza de contía entre ciclos medios e superiores?

Pregunta CSIF e resposta o XT que non depende de que o ciclo sexa medio ou superior, senón da duración da estada, da distancia do destino, das características do proxecto, etc.

6. IES Armando Cotarelo. Problemas conexión a inetrnet.

CC.OO. denuncia este problema. O XT promete poñerse en contacto con AMTEGA para ver que acontece.

7. Rolda de intervencións.

CIG pregunta pola dirección do CPI Curros Enríquez, de Pazos de Borbén. A xefa de estudos tivo que asumir todas as función por baixa do director e está desbordada. O XT comenta que se lle ofreceu o envío dun substituto de inglés para que ela puidese ocuparse a tempo completo á dirección pero que a docente rexeitou esta oferta.

CIG pregunta se hai instrucción escrita sobre a entrega de copias dos exames. O XT sinala que, de entrada e salvo sentenza xudiciaria, non deben entregarse copias dos exames. Con todo, someterá a consulta o tema no Servizo Xurídicos.

CIG pregunta polas especialidades que están sen cubrir na Equipa de Orientación Específica. O XT indica que 1 é de TDH e a outra contestará na seguinte reunión.

STEG comenta o problema de centros de Vigo como o Lope de Vega e o IES Castelao por mor do “renting” das fotocopiadoras, que lles supón case o 15% do seu orzamento e que é herdo de

anteriores equipas directivas. Solicita de XT asesoramento e axuda a eses centros para solventar esa situación. O XT sinala que caben varias opcións (renegociación coa empresa, poñer en mans do servizo xurídico os contratos para ver que se pode facer, aumentar o orzamento deses centros transitoriamente para que poidan facer fronte ao gasto mentres non vencen os contratos...). En ningún caso, di, deixar de pagar. E o mellor é sempre consultar con Inspección antes de asinar ningún contrato de “renting”.

STEG solicita da Consellaría de Educación que proceda a actualizar todos os datos da lista de permutas, pois hai moitas que xa non están “vivas”. O XT lembra que é obriga do docente avisar de que desiste da permuta.

ANPE pregunta se pode quedar sen avaliar un alumno en Primaria. O XT responde taxativamente que non, agás circunstancias moi especiais e xustificadísimas.

CCOO pregunta sobre problemática dun cambio de alumna no CSMUS de Vigo na materia de piano.

CCOO pregunta sobre a legalidade do horario dun docente no “6 de Nadal”.

FETE demanda a concesión dun PT ou medio PT para o IES de Teis.

FETE pregunta se hai datos sobre o funcionamento das aulas de convivencia, cantas hai, etc. O XT sinala que é moi difícil ter eses datos, pois a dinámica de cada centro é distinta.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 11.20 horas.